

1. Todos me están adorando  
co Maior de Labandeira  
i eu ben os sinto falar:  
“Quando empezará Ribeira?”
2. Inda non estou ã gusto  
que me molesta un zapato  
collan ã cousa con calma  
que lle levamos pa rato.
3. A festa estuvo preciosa  
i a razón éche moi pura  
i éche un favor ben grande  
que se debe ao señor cura.
4. Vouvos tratar a todos  
e da forma máis honesta:  
vai a través destes brindos,  
vou a recorda-la festa.
5. Como non teño a primeira  
e vamos a gravar todo,  
e vou empezar a contar  
desde o día da fogueira.
6. A xente estaba contenta  
pero aínda houbo unha reña,  
non estaba o señor cura  
prã vos levaren a leña.
7. Esto non o vou contar  
porque case causa duelo  
e prã i-lo señor cura  
fáltouche mitá do pueblo.
8. Fáltouche mitá do pueblo  
i estas razóns son moi puras,  
e fáltou mitá do pueblo  
e non solo o señor cura.
9. Eu eso o teño a medias  
porque átendía o perolo,  
i anque eu non puden ir  
pero mändein a Manolo.
10. Pero mändein a Manolo  
que é un home preparado  
ben o vedes na imagen  
que viña agarrado ao carro.
11. E don Jesús non estaba  
porque mãrchou de repente  
pero anque non estaba  
mändounos ãlo a xente.
12. Ordenamos de ir á leña  
i eles foron os primeiros,  
e non eran máis nin menos  
que eran os cuatro gaiteiros.
13. Cuando chegamos ao monte  
xa tuvemos que ir parando  
e nós cortando na leña  
pero os gaiteiros tocando.
14. Pola leña non tiraron  
porque xente era bastante  
i eles non che estaban quietos  
viñan tocándolle diante.
15. E viñamos costa abaixo  
i o camiño era apretado:  
“Que será dos instrumentos  
se se lles escapa o carro?”
16. Iles seguiron tocando  
viñan de cara pra o rego,  
pero eu [...] lles notein  
que traguían moito medo.
17. A nós non nos tiñan medo  
porqu’ o asunto está claro:  
eles o que tiñan medo,  
que lles soltaran o carro.
18. Esto falaba o máis vello,  
que ten unha filla Maita:  
—I eu de min non sinto moito,  
o que sinto é da gaita!
19. E falaba contra os outros  
coma se foran irmaos:  
—Se chego á casa sen gaita  
mátame a muller a paos!
20. Æ muller cenoulle ben  
i era pola filla Maita:  
—I anque non traigas un duro  
i eu quéroche ve-la gaita!



21. I o gäiteiro respondeulle  
pero moi acobardado:  
—Pois sabes que en Louzarella  
me houbo romper un carro?!

22. —Ai, eso a min non mo digas,  
non te tentaría o demo?  
I eu quedaba máis conforme  
se te rompe a ti ao medio!

23. Unhä cousa é contala  
i outra observalo primeiro  
porque nadie se imagina  
como choraba o gäiteiro!

24. E que inda [ . . . ]  
e non se pode falar  
e despois en toda a noite  
non paraban de tocar.

25. Cuando chegamos ca leña  
puñémo-lo carro á beira  
e descargámo-la leña  
e prepärouse a fogueira.

26. Cuando estaba preparada,  
solo lle faltaba o cume,  
e ordenaron os rapaces  
que hebía que lle dar lume.

27. Como a leña era tanta  
fäcía moita [bramura?]  
cuando estaba a medio arder  
xa chegou o señor cura.

*Manolo (Manuel Fontal de Teixeira):*

28. I eu non che quero faltar  
i eu me chamo Manolo  
encóntraste moi contento  
porque estás tu aí solo.

*“O Reina” (Manuel Santín):*

29. Ribeira da miña vida  
[. . .] contra túa

30. A galiña no está ben  
i a galiña no está ben-he  
ai, Ribeira da miña vida,  
[creste] mellor que ninguén-he.

31. E mira pra esas pernas  
e mira pra eses pes [?]  
Ribeira da miña vida  
[. . .]

*Voces: Un a un!*

32. [. . .]

33. [. . .]  
es lo que tienen los [. . .]  
[. . .]  
[. . .]

*Voces: “Reina”!*

34. [. . .] coñá  
Ribeira da miña vida  
estaremos aquí hasta mañá.

*Voces: “Reina”! Vamos acabar o brindo da festa  
e despois haberá eso. “Reina”! Vamos acabar o  
brindo da festa e despois xa fare... xa faremos  
o desafío despois.*

*Outra voz: Ustedes estean tranquilos hasta que  
eu lles diga que se levanten. Se alguén [. . .]  
despois contestar ten moito tempo. E ademais  
háselle contestar.*

*Ribeira:*

35. Chegou o señor cura  
pero non päsou máis nada  
e sabéis con que chegou?  
Co produto dä queimada.

36. E prepärouse a queimada  
todo aquilo era entre ir maos  
i entó ‘n rapaz de Säbugos  
lle dixo unhos “Gloria, Laus”

37. Os “Gloria, Laus” non os sei  
porque eso non me convén  
cuando el dicía unhä cousa  
os outros, todos: “amén”.

38. Cuando vin aqueläs cousas  
quedein alg’ acobardado  
e pensei qu’ o señor cura  
esconxuraba o cacharro.

39. I eu, que non me gusta tanto  
funlle falar de repente  
i anque esconxurou o cacharro  
deixein o da augardente.

40. Eu non sein o que lle dixo  
ou sería mala racha  
non che ardeu o cacharro  
pero tirou a garnacha.

41. E cuando o viu beber-e  
ärrimouse a unha parede  
pero se non che digo eu:  
estes morrían ca sede.



42. Nós solos non lla bebemos  
porque llo dice Ribeira,  
i unha boa parte dela  
bebérona os de Teixeira.
43. [...] foi tendida  
que todos son moi honrados  
anque sea os de Queixadoiro  
tamén iban ben mollados.
44. Eu agora non son mo[z]o,  
que xa conto ben ábriles  
i algúns pueblos que ch' había  
tamén beberon [?].
45. O señor cura falaba  
e falaba con razón  
pero non [...] la mano  
libraron o garrafón.
46. Pero il mārchou contento  
anqu' aquilo era un derroche,  
e anque che rompa o envase  
xa non me [...] suba ao coche.
47. Aquelo foise acabando  
porque tiña qu' acabar  
volvémonos reunir  
e empezamos a bāilar.
48. Unhos bailan por aquí  
e outros por máis acolá  
e cuando nos demos cuenta  
eran as tres da mañá.
49. Ācenounos don Jesús  
pero nadie lle protesta  
i el dicía: “Ir durmir,  
que mañá volve haber festa!”
50. A xente seguía a grupos  
[...]eu fun dos primeiros  
i entre toda aquela xente  
tamén viñan os gaiteiros.
51. Tamén durmiron aquí  
na casa da Queixadoira  
i e indo outro día moi cedo  
tocando na correidoira.
52. I acabaron de tocar  
pero non pāsou máis nada  
ai, iso e que normalmente  
nós chamámoslle “alborada”.
53. E don Jesús non estaba  
qu' andaba cas súas prisas  
porque en toda a mañá  
dixo tres ou cuatro misas.
54. Andaba a muller co gado  
e por onda nós pasou  
e por ápuros que tiña  
dās misas non s' olvidou.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades